



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VALEDORA DO POBO E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A COMPARTICIÓN DE SISTEMAS DIXITAIS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS

A Valedora do Pobo é un órgano previsto no artigo 14 do Estatuto de Autonomía de Galicia e definido legalmente como a alta comisionada do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito da Comunidade Autónoma, dos dereitos comprendidos no Título I da Constitución, e dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía, en especial os sancionados no seu título preliminar. Tamén garante o sometemento pleno das administracións galegas á lei e ao dereito e exerce as demais funcións que lle atribúe a Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Amtega, axencia pública autonómica que foi creada mediante o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos. Este decreto regula tanto as súas competencias e funcións como a súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financieiro e patrimonial, así como os principios que a orientarán na súa actuación.

O artigo 1 do referido Decreto sinala a Amtega como axencia pública autonómica que ten por obxecto a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa ás tecnoloxías da información e comunicacións, así como a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, regula no seu artigo 118 o "Catálogo dos sistemas dixitais", no que se recollerán as aplicacións, os sistemas de información e as infraestruturas tecnolóxicas que utilizan ou se poñen a dispor dos órganos e entidades do sector público autonómico para o seu funcionamento interno, para a prestación de servizos á cidadanía e para a relación con outras administracións.

Este mesmo texto normativo establece, así mesmo, no seu artigo 129 a posta a dispor dos elementos do "Catálogo dos sistemas dixitais" que pola súa situación tecnolóxica ou características funcionais estean en disposición de ser utilizados ou reutilizados por outras administracións públicas, órganos estatutarios, organismos e entidades do dereito público vinculados ou dependentes daquelas, ou polas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia, que poderán adherirse ao seu uso.





## Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

A Valedora do Pobo e a Amtega, para garantir o mellor servizo aos intereses xerais, pretenden a formalización dun convenio de colaboración no desempeño das tarefas de interese público que lles corresponden, cada unha actuando no marco das súas competencias.

Así, A Valedora require a colaboración e a asistencia instrumental da Amtega mediante a prestación por esta, do acceso aos elementos do Catálogo dos sistemas dixitais a disposición dos órganos e entidades do sector público autonómico e das administracións públicas ubicadas no territorio galego e os elementos tecnolóxicos necesarios para o funcionamento dixital. A Amtega, de acordo coa normativa expresada, ten competencia para esta colaboración e apoio instrumental á Valedora.

O convenio de colaboración, polo tanto, busca a eficiencia na prestación dos servizos públicos e a realización das tarefas de interese público que lles corresponden ás partes cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispón o sector público autonómico.

En base ao exposto, o convenio terá por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Valedora e a Amtega, para a compartición dos sistemas dixitais que se recollen no Anexo I deste convenio, dentro dos que forman parte do "Catálogo dos sistemas dixitais" postos a dispor dos órganos e entidades do sector público autonómico e das administracións públicas.

## Financiamento

As actuacións previstas no convenio non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria.

Santiago de Compostela,

O xerente da Amtega

José Luis Somoza Digón

